



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Na data de 13 de febreiro de 2019 ditouse a sentenza 00078/2019 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Contencioso-Administrativo, Sección 1, recaída no recurso de apelación núm. 0000253/2018 contra a ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 2 de A Coruña de data 28 de marzo de 2018.

Na precitada sentenza confirmase a ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 2 de A Coruña de data 28 de marzo de 2018 pola que se estima o recurso contencioso administrativo interposto por D. Ricardo Rodríguez Rodríguez fronte á desestimación por silencio do recurso de reposición interposto contra o acordo de aprobación das Bases Xerais para a formación dunha bolsa de emprego do Grupo de Emerxencias Supramunicipais do Concello de Ponteceso.

Pola resolución da alcaldía núm. 789/2019, de 29/11/2019, acordouse convocar o procedemento selectivo para a formación dunha bolsa de emprego do Grupo de Emerxencias Supramunicipais do Concello de Ponteceso e aprobar as bases reguladoras, procedendo a executar a Sentenza do TSXG, Contencioso Administrativo, Sección 1, de data 28-03-2018.

Realizado o procedemento selectivo o tribunal na data de 07-02-2020 acordou o seguinte:

“1º.- Declarar aprobados aos seguintes aspirantes, coa cualificación final que consta, ordeados de xeito decrecente, os cales formarán a bolsa de emprego para a cobertura de postos de persoal laboral temporal para o GES de Ponteceso:

ASPIRANTE	TOTAL
1. SANZ USECHI, DAVID	23,30
2. GONZALEZ ALVITE, ESTANISLAO	22,30
3. VARELA TRIGO, YAGO	20,80
4. RODRIGUEZ RODRIGUEZ, RICARDO	20,30
5. LLOVES PRIETO, CARLOS	18,40
6. CARBALLO CAMINO, ALBERTO	12,50
7. MARTINEZ VENTURA, MANUEL	11,40

2º. Advertir aos aspirantes aprobados que deberán presentar dentro do prazo de vinte días naturais, contados a partires da publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos da capacidade e requisitos exixidos na convocatoria, consonte á base Décimo Primeira.

3º.- Publicar no taboleiro de anuncios, electrónico e da Casa do Concello, e na páxina web municipal a presente acta, para xeral información e coñecemento.”

De conformidade coa base Décimo Primeira os aspirantes propostos debían presentar dentro do prazo de vinte días naturais, contados a partires da publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos da capacidade e os requisitos esixidos na convocatoria, e revisado o expediente e a documentación aportada, resulta que os sete aprobados presentaron a mesma en tempo e forma.

De conformidade coa base Décima os aspirantes unha vez superado o proceso de selección, e con carácter previo ao seu ingreso no grupo, os declarados aprobados realizarán un curso de carácter teórico-práctico que se impartirá pola AGASP. Comunicado aos aspirantes aprobados, os seguintes



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

presentan en tempo e forma a acreditación da superación do devandito curso, denominado "Intervención en emerxencias para o persoal do GES":

1. SANZ USECHI, DAVID
2. GONZALEZ ALVITE, ESTANISLAO
3. VARELA TRIGO, YAGO
4. RODRIGUEZ RODRIGUEZ, RICARDO
5. LLOVES PRIETO, CARLOS

Por todo o anterior, logo de ver as bases do procedemento selectivo, a proposta do tribunal cualificador, e no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a bolsa de emprego para a cobertura de postos de persoal para o Grupo de Emerxencias Supramunicipal, persoal laboral temporal, que estará formada polos seguintes aspirantes declarados aprobados polo Tribunal cualificador, e que consonte ás bases teñen presentada a documentación acreditativa da capacidade e requisitos esixidos, e están en posesión do curso denominado "Intervención en emerxencias para o persoal do GES", a cal se incorporarán os candidatos aprobados cando, no seu caso, acrediten a cualificación de aptos no devandito curso, ordeados de xeito decrecente dacordo coa puntuación total obtida no procedemento selectivo:

Bolsa de emprego provisional:

1. SANZ USECHI, DAVID
2. GONZALEZ ALVITE, ESTANISLAO
3. VARELA TRIGO, YAGO
4. RODRIGUEZ RODRIGUEZ, RICARDO
5. LLOVES PRIETO, CARLOS

Segundo.- Dar conta ao xestor das bolsas de emprego, o cal, consonte á base Décimo Cuarta, xestionará a mesma e elevará a proposta de contratación a prol do candidato ou candidatos que corresponda en canto á realización de substitucións por ausencias, vacantes, baixas ou permisos regulamentarios de persoal laboral temporal do GES.

Segundo.- Publicar esta resolución na web municipal e comunicar ao Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 2 de A Coruña a execución da súa Sentenza e dar conta ao Pleno do Concello na vindeira sesión que se celebre.